



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

PROPOSTA DA ALCALDÍA ACEPTACIÓN DA DOAZÓN DO CRUCEIRO DE ABUIN

O patrimonio cultural dos pobos constitúe a manifestación máis visible da herdanza socio-comunitaria dos seus devanceiros. Nomeadamente, a arquitectura e a escultura de carácter popular teñen no país galego como un dos seus máximos expoñentes aos cruceiros, monumentos de tradición cristiá, pero en torno aos cales sempre existen outras costumes e crenzas populares que sen dúbida arraigan moito antes na cultura galega. Foron as nosas xentes quen coa súa habilidade no traballo da pedra crearon as innumerables cruces que se sitúan ás beiras dos camiños ao longo de toda a xeografía do noso país.

Ao enorme valor que teñen os cruceiros como ben de interese cultural, hai que engadirlle o seu enorme potencial turístico, especialmente en concellos como o noso, onde o seu número é elevado e foron construídos con unha grande calidade artística.

Existe polo tanto unha enorme necesidade de conservar todos os cruceiros do noso municipio con valor patrimonial e cultural importante, pero tamén pola súa capacidade para atraer visitantes e fomentar así o desenvolvemento económico.

No noso concello sen embargo non todos os cruceiros se atopan nas mellores condicións, sendo o caso do cruceiro de San Isidro, coñecido tamén como "de Abuín", na parroquia de Posmarcos, dunha gravidade extrema. Trátase dunha peza do século XVIII que, tal como se recolle no expediente VI-AC-027.13, foi derrubado por un temporal no ano 2013, atopándose os seus restos almacenados en dependencias municipais. Sendo un ben cultural que posúe o grao de protección integral, a Xunta de Galicia, dende o Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, remitiu a este concello sucesivas dilixencias informativas interesadas nas posibles actuacións necesarias para a súa restauración.

Esta alcaldía, tendo coñecemento da situación e das obrigas de recuperación do patrimonio cultural de Galicia no ámbito da súa competencia, contidas na lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, artigos 3 e 33, e tamén no Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico, artigos 1 e 3, con data de 3 de febreiro de 2016 emitiu a Resolución de Alcaldía Nº 37/2016, que recolle entre outros puntos, que *"Este Concello adoptará as iniciativas gobernativas precisas, e actuará conforme coas autorizacións e permisos necesarios para acometer a restauración deste elemento incluído no catálogo de bens protexidos do PXOM, integrante do patrimonio cultural de Galicia"*. Acordo que se informa aos efectos oportunos.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

O propietario do cruceiro, Juan Manuel Noal Abuín comunicou ao concello, mediante escrito presentado o 26 de decembro de 2014, o seu ofrecemento de

doazón deste monumento, posteriormente confirmado á Xefatura Territorial da Coruña, Servizo de Patrimonio Cultural, a través dun novo escrito presentado polo seu propietario, no que se ratifica na súa libre decisión, en data 30 de decembro de 2014, co obxecto específico de que por parte da administración poda asumirse a obra de restauración.

Por todo o anterior, esta alcaldía propón á Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aceptar o ofrecemento de doazón deste monumento por parte do seu propietario, Juan Manuel Noal Abuín.

Segundo.- Incorporar ao inventario de bens de patrimonio público de titularidade do concello da Pobra do Caramiñal o cruceiro de Abuín.

Terceiro.- Incluír nos Orzamentos Municipais de 2018 unha partida específica correspondente á restauración profesional deste ben patrimonial, conforme ás prevencións que dispón a lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

A Pobra do Caramiñal, á data da sinatura dixital

O Alcalde,